



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Redes multimedia

Materia	Redes multimedia			
Código	V05G300V01643			
Titulación	Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación			
Descritores	Creditos ECTS 6	Sinale OP	Curso 3	Cuadrimestre 2c
Lingua de impartición	Castelán			
Departamento	Enxeñaría telemática			
Coordinador/a	López García, Cándido Antonio			
Profesorado	Herrería Alonso, Sergio López García, Cándido Antonio			
Correo-e	candido@det.uvigo.es			
Web	<a href="http://fatic.uvigo.es">http://fatic.uvigo.es</a>			
Descripción xeral	Esta materia presenta as principais solucións tecnolóxicas específicas para a distribución de contidos audiovisuais polas redes de telecomunicacións e, de maneira especial, polas redes de ordenadores.			

## Competencias

### Código

B3	CG3 Coñecemento de materias básicas e tecnoloxías que capaciten o alumnado para a aprendizaxe de novos métodos e tecnoloxías, así como para dotalo dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacions.
B6	CG6 Facilidade para o manexo de especificacións, regulamentos e normas de obrigado cumprimento.
C30	CE30/TEL4 Capacidade de describir, programar, validar e optimizar protocolos e interfaces de comunicación nos diferentes niveis dunha arquitectura de redes.
C33	CE33/TEL7 Capacidad de programación de servizos e aplicacións telemáticas, en rede e distribuídas.
D3	CT3 Tomar conciencia da necesidade dunha formación e mellora continua de calidade, amosando unha actitude flexible, aberta e ética ante opinión discriminación por sexo, raza ou relixión, respecto os dereitos fundamentais, acesibilidade, etc.

## Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
<b>Identificar os stakeholders da organización.</b>	
Comprender os principios básicos da codificación dixital de audio e vídeo.	B3
Coñecer os estándares no ámbito da codificación dixital de audio e vídeo.	B6
Coñecer e comprender os principais problemas aparecidos na transmisión de contidos audiovisuais.	B3 C30 D3
Coñecer os principais protocolos utilizados para a transmisión de contidos audiovisuais.	C30
Coñecer e comprender os principais mecanismos utilizados para proporcionar calidade de servizo en Internet.	B3 C30 D3
Profundar no estudo e análise das redes de telefonía IP.	C30 C33

## Contidos

### Tema

Codificación dixital do audio e vídeo	a) Audio PCM. Compresión do audio dixital b) Vídeo dixital. Compresión intraframe e interframe
Aplicacións multimedia	a) Tipos. Requisitos de calidade de servizo b) Impacto do retardo e das perdas c) Distribución de contidos. Multicast. CDN d) Telefonía IP: arquitectura, códecs, softphones, softswitches...

Protocolos multimedia	a) Protocolos de transporte: TCP/UDP, RTP, HTTP b) Streaming adaptativo. MPEG-DASH c) Protocolos de sesión: SIP, H.323, RTSP
Provisión de calidad de servizo en Internet	a) Monitorización e regulación do tráfico b) Planificación e asignación dos recursos c) Servizos diferenciados d) Servizos integrados. RSVP

<b>Planificación</b>			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Prácticas en aulas informáticas	12	18	30
Traballo tutelado	6	24	30
Resolución de problemas	1	5	6
Traballo	1	5	6
Resolución de problemas	2	16	18

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

<b>Metodoloxía docente</b>	
	Descripción
Lección maxistral	Exposición das ideas, conceptos e técnicas de cada unha das unidades temáticas do curso. Nestas sesións impartiránse as competencias CG3, CG6, CE30 e CT3.
Prácticas en aulas informáticas	Aprendizaxe práctica de ferramentas básicas para a distribución de contidos multimedia sobre redes de ordenadores. Actividade grupal. Os alumnos deberán adquirir nestas prácticas as competencias CE30 e CE33.
Traballo tutelado	Configuración, baixo a supervisión dos profesores, dunha centralita telefónica IP básica. Actividade grupal. A competencia exercitada durante a realización deste traballo é a CE33.

<b>Atención personalizada</b>	
<b>Metodoloxías</b>	<b>Descripción</b>
Lección maxistral	Dispensarase atención personalizada de forma presencial durante o horario de titorías que se fará público ao comezo do curso. Non é necesario cita previa.
Prácticas en aulas informáticas	Dispensarase atención personalizada de forma presencial durante o horario de titorías que se fará público ao comezo do curso. Non é necesario cita previa.
Traballo tutelado	Dispensarase atención personalizada de forma presencial durante o horario de titorías que se fará público ao comezo do curso. Non é necesario cita previa.

<b>Avaliación</b>			
	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Resolución de problemas	Exame sobre parte dos contidos da materia. Cuestións e problemas de carácter conceptual, lóxico, analítico ou aplicado. Exercicio escrito dunha hora de duración.	20 B6	B3 C30
Traballo	Avaliación da funcionalidade e prestacións da centralita telefónica IP configurada polo alumno durante o curso.	20	C33
Resolución de problemas	Exame sobre os contidos da materia. Cuestións e problemas de carácter conceptual, lóxico, analítico ou aplicado. Exercicio escrito de dúas horas de duración.	60 B6	B3 C30

#### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

Segundo as directrices propias da titulación, ofreceranse aos alumnos que cursen esta materia dous sistemas de avaliación: avaliación continua e avaliación única ao final do cuatrimestre.

A avaliación continua consistirá na realización de dúas tarefas intermedias: un exame parcial (20% da nota final) e un proxecto consistente na configuración dunha centralita telefónica IP básica (20% da nota final), xunto coa realización dun exame final ao término do cuatrimestre (60% da nota final). Se a nota do exame final é menor que 3,5 (sobre 10), a cualificación final da materia será directamente a nota do exame final. En canto á avaliación do proxecto, a cualificación do alumno dependerá tanto da funcionalidade e prestacións da centralita IP desenrolada (75%) como das respostas a un exame práctico resolto individualmente por cada membro do grupo (25%). As tarefas intermedias non son recuperables e só serán válidas para o curso actual.

Os alumnos poden optar por ser avaliados mediante un único exame escrito sobre os contidos da materia ao término do cuadrimestre. A cualificación final da materia será, neste caso, a nota obtida no devandito exame.

Considerarase que un alumno opta pola avaliación continua se se presenta ao exame parcial ou entrega o proxecto proposto. Consideraranse presentados á convocatoria todos os alumnos que opten pola avaliación continua ou que se presenten ao exame final. O exame final poderá conter varias cuestións adicionais para aqueles alumnos que opten pola avaliación única ao final do cuadrimestre.

No caso de detección de plaxio nalgunha das tarefas encomendadas (exame parcial, exame final ou proxecto), a cualificación final da materia será de suspenso (0) e os profesores comunicarán á dirección da Escola o incidente para que tome as medidas oportunas.

Aqueles alumnos que non aproben a materia despois da primeira oportunidade deberán realizar un exame escrito ó remate do curso académico. Se o alumno optou pola avaliación continua na primeira oportunidade, agora poderá elixir entre a avaliación única mediante o exame escrito ou ben manter a avaliación continua. Neste último caso, manteríanselle as notas obtidas nas dúas tarefas intermedias (exame parcial e proxecto) e só tería que realizar o exame escrito como última tarefa. O alumno poderá indicar cal destas dúas opcións elixe o mesmo día do exame.

Nas convocatorias extraordinarias a avaliación consistirá na realización dun único exame escrito, que versará sobre TODOS os contidos da materia.

A planificación das diferentes probas de avaliación intermedia aprobarase nunha Comisión Académica de Grao e estará dispoñible a principio do cuadrimestre.

## Bibliografía. Fontes de información

### Bibliografía Básica

J. F. Kurose, K. W. Ross, **Computer networking: a top-down approach**, 7<sup>a</sup> ed., Pearson, 2016

Kun I. Park, **QoS in packet networks**, 1<sup>a</sup> ed., Springer, 2005

R. Bryant, L. Madsen, J. Van Meggelen, **Asterisk: the definitive guide**, 4<sup>a</sup> ed., O'Reilly Media, 2013

### Bibliografía Complementaria

H. W. Barz, G. A. Bassett, **Multimedia networks: protocols, design, and applications**, 1<sup>a</sup> ed., Wiley, 2016

M. Barreiros, P. Lundqvist, **QoS-enabled networks: tools and foundations**, 2<sup>a</sup> ed., Wiley, 2016

Bruce Hartpence, **Packet Guide to Voice over IP**, 1<sup>a</sup> ed., O'Reilly Media, 2013

S. Wintermeyer, S. Bosch, **Practical Asterisk 1.4 and 1.6**, 1<sup>a</sup> ed., Addison-Wesley, 2010

Alan B. Johnston, **SIP: Understanding the Session Initiation Protocol**, 4<sup>a</sup> ed., Artech House Publishers, 2015

Z. Li, M. Drew, J. Liu, **Fundamentals of Multimedia**, 2<sup>a</sup> ed., Springer, 2014

## Recomendacións

### Materias que continúan o temario

Servizos multimedia/V05G300V01941

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

Fundamentos de son e imaxe/V05G300V01405

Redes de ordenadores/V05G300V01403